



CONCELLO DE REDONDELA

DEPARTAMENTO: PERSOAL

EXPEDIENTE: 2132/2023

ASUNTO: LISTA DEFINITIVA PERSOAS ADMITIDAS "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2023/2024"

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-1684, con data de 10/07/2023 pola que aprobou a lista definitiva de persoas admitidas, nomeamento do tribunal e data fase concurso no proceso selectivo que se convocou para levar a cabo o Plan de fomento da empregabilidade "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL nos concellos da provincia de Pontevedra 2023/2024", na cal se establece o seguinte:

"RESOLUCIÓN

O Concello de Redondela presentou unha solicitude para participar no proxecto denominado Plan de fomento da empregabilidade "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2023/2024", o día 02/05/2023, de acordo co previsto no artigo 5.º bases deste programa.

A Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello de Redondela (por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 02/06/2023, que se publicou no BOPPO núm.: 109, do 07/06/2023) unha subvención de 26.400€ para o ano 2023 e de 31.200€ para o ano 2024, para a contratación de 4 persoas traballadoras desempregadas por un período máximo dun ano.

A dita subvención concedeuse ao abeiro das bases DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA 2023/2024" que foron publicadas no BOPPO núm.: 68, do 10/04/2023 e que teñen por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública para a selección dos concellos como entidades colaboradoras e a determinación das titulacións dos 152 postos de traballo que se van ocupar baixo a denominación de contrato formativo, así como o desenvolvemento destas bases, que regularán as relacións entre a Deputación de pontevedra e as entidades colaboradoras.

As contratacións laborais baixo a modalidade contrato formativo que se deriven realizaranse entre as entidades colaboradoras e as persoas tituladas universitarias e de formación profesional de ciclos medios e superiores, co fin de poder adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e facilitarlles a súa inserción no mercado laboral.





CONCELLO DE REDONDELA

A través desta subvención financiarase unha parte do custo laboral total dun contrato formativo que deberá ser por un período máximo dun ano a tempo completo. O salario non poderá ser inferior ao 70% para o grupo profesional e nivel retributivo correspondente ao nivel de estudos e funcións desempeñadas e, en ningún caso, poderá ser inferior ao SMI vixente. As ditas contratacións abarcarán postos de traballo en xeral, así coma, os relacionados coa transición ecolóxica e a economía verde, a dixitalización de servizos, a cohesión social e o desenvolvemento local rural, preferentemente.

Os concellos, como entidades colaboradoras, son os encargados de levar a cabo a selección mediante a presentación da correspondente oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego do domicilio da entidade beneficiaria.

A selección efectuarase entre persoas demandantes de emprego desempregadas ou coa tarxeta de mellora de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato formativo para a obtención da práctica profesional, descritos na base 2.^a das bases reguladoras deste proceso selectivo. O ámbito de busca de emprego de cada concello non poderá superar o nivel provincial.

O Real decreto legislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, establece no artigo 11.1 que o contrato formativo terá por obxecto a formación en alternancia co traballo retribuído por conta allea nos termos establecidos no apartado 2, ou o desempeño dunha actividade laboral destinada a adquirir unha práctica profesional adecuada aos correspondentes niveis de estudos, nos termos establecidos no apartado 3.

O Real decreto legislativo 2/2015, do 30 de outubro, establece no artigo 11.3 que o contrato formativo para a obtención da práctica profesional adecuada ao nivel de estudos rexirase, entre outras, polas seguintes regras:

-Poderá concertarse con quen estivese en posesión dun título universitario ou dun título de grao medio ou superior, especialista, máster profesional ou certificado do sistema de formación profesional, de acordo co previsto na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, así como con quen posúa un título equivalente de ensinanzas artísticas ou deportivas do sistema educativo, que habiliten ou capaciten para o exercicio da actividade laboral.

-O contrato de traballo para a obtención de práctica profesional deberá concertarse dentro dos tres anos, ou dos cinco anos se se concerta cunha persoa con discapacidade, seguintes á terminación dos correspondentes estudos. Non poderá subscribirse con quen xa obtivera experiencia profesional ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da





CONCELLO DE REDONDELA

empresa por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estos efectos os periodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo exixido para a obtención da titulación ou certificado que habilita esta contratación.

-Ningunha persoa poderá ser contratada na mesma ou distinta empresa por tempo superior aos máximos previstos no apartado anterior en virtude da mesma titulación ou certificado profesional. Tampouco se poderá estar contratado en formación na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior aos máximos previstos no apartado anterior, aínda que se trate de distinta titulación ou distinto certificado.

Tras presentar a oferta de emprego na oficina pública de emprego do Concello de Redondela o día 23/06/2023 para a preselección de persoas candidatas para un posto de ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL, esta oficina preseleccionou a 5 persoas (Oferta 12-2023-7342).

Tras presentar a oferta de emprego na oficina pública de emprego do Concello de Redondela o día 23/06/2023 para a preselección de persoas candidatas para un posto de TÉCNICO/A SUPERIOR DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E TURÍSTICA, esta oficina preseleccionou a 2 persoas (Oferta 12-2023-7325).

Tras presentar a oferta de emprego na oficina pública de emprego do Concello de Redondela o día 26/06/2023 para a preselección de persoas candidatas para un posto de TÉCNICO/A SUPERIOR EN EDUCACIÓN E CONTROL AMBIENTAL, esta oficina preseleccionou a 2 persoas (Oferta 12-2023-7329).

As persoas preseleccionadas que foron contactadas polo departamento de Persoal deste concello vía telefónica e vía correo electrónico a través dos datos que figuraban nos currículos que remitiu a Oficina de Emprego de Redondela tiveron, segundo o previsto nas bases reguladoras deste proceso de selección, un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento, para presentar a instancia de participación.

A alcaldesa ditou a resolución núm.; 2023-1635, con data de 30/06/2022, pola que aproban a listas de persoas admitidas do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL" NOS CONCELLOS DA PROVINCIA 2023/2024", polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter definitivo**, ás seguintes persoas aspirantes no proceso selectivo que se convocou para contratar a un/unha **ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL**, para a realización do proxecto "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL 2023/2024":





CONCELLO DE REDONDELA

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	BERNARDEZ HERMIDA, MICKAEL	*****438X
2	VILA FREIRE, JUAN LUIS	*****427-P

* Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Admitir, **con carácter definitivo**, á seguinte persoa aspirante no proceso selectivo que se convocou para contratar a un/unha **TÉCNICO/A SUPERIOR DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E TURÍSTICA**, para a realización do proxecto “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL 2023/2024”:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	RIGÜELA VILAR, PATRICIA	*****936-H

* Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

TERCEIRO: Admitir, **con carácter definitivo**, persoa aspirante no proceso selectivo que se convocou para contratar a un/unha **TÉCNICO/A SUPERIOR EN EDUCACIÓN E CONTROL AMBIENTAL**, para a realización do proxecto “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL 2023/2024”:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	ALMEIDA ESTÉVEZ, ARANZAZU	*****315-F



* Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

CUARTO: Designar o tribunal cualificador do proceso selectivo, que estará integrado polos seguintes membros:

Presidenta:

Titular: M.^a Carmen López Duarte

Suplente: Xosé Ramón Mato Lodeiro

Vogais:

Titular: Purificación Hermelo Iglesias

Suplente: María Elena Becerra García

Titular: Sonsoles Lores Martínez

Suplente: José Romero-Amich Nieto

Titular: Olalla Casanova Fernández

Suplente: Natalia Pazos Rodríguez

Secretaria:

Titular: Ana María Barreiro Rivas

Suplente: Alejandra Fernández Conde

QUINTO: A constitución do tribunal para a continuación a realización da fase de concurso terá lugar o:

DÍA: 12/07/2022

HORA: 9:30 horas

LUGAR: CASA DO CONCELLO

SEXTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas neste proceso selectivo, o tribunal





CONCELLO DE REDONDELA

qualificador e a data de realización da fase de concurso deste proceso selectivo.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: 4CFDDPKFRSTMD0THEZGW/C3JM
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

